



BOP

SÁBADO, 1 DE FEBREIRO DE 2020

N.º 026

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Maderas Masma, SL solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.66478.

As obras solicitadas consisten no peche parcial e acondicionamento para parque intermedio de rolla e biomasa nos predios con referencias catastrais 000401500PJ31D0001FZ, 27027B005060040000LE e 27027B005060040001BR; na zona de policía do río Baos; no lugar de Vilanova, na parroquia de Santa María de Lourenzá, no concello de Lourenzá (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Lourenzá ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 27 de xaneiro de 2020.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0186

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión plenaria de data 19 de decembro de 2019 a relación de postos de traballo para o exercicio 2020 en cumprimento do disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, exponse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de 20 días hábiles que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse reclamacións que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente.

Becerreá, 27 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0187

CASTROVERDE

Anuncio

Pola Xunta de Goberno, na sesión celebrada o día 22 de xaneiro de 2020, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2019:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (4º trimestre do ano 2019).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 1 de febreiro de 2020 ata o 31 de marzo de 2020. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 24 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0188

O CORGO

Anuncio

Fanse públicas as bases da convocatoria de axudas económicas de pago único para o fomento da natalidade de 2019 no Concello do Corgo, aprobadas por Resolución da Alcaldía do 30 de decembro de 2019 que se transcriben de seguido:

CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS DE PAGO ÚNICO PARA O FOMENTO DA NATALIDADE DE 2019

1.- Obxecto.

O obxecto destas bases é convocar a concesión dunha prestación económica en pago único polo nacemento ou adopción de fillos durante o ano 2019, no seno de familias ou unidades de convivencia, con residencia habitual no término municipal de O Corgo.

Así mesmo, regulará os beneficiarios, requisitos, procedemento de concesión e devolución, no seu caso.

2.- Competencia na materia.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e convivencia de Galicia, atribúe, no seu Art. 8, aos concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, a de promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da vecindade e, en todo caso, de conformidade co establecido na lexislación de réxime local e sectorial de servizos sociais, as competencias de: b) na execución de programas e proxectos destinados á atención á familia.

No capítulo IV do Título I desta Lei regúlanse as políticas públicas como instrumento importante no fomento da natalidade mediante o apoio á maternidade.

3.-Aplicación orzamentaria.

De conformidade co establecido no Art. 23.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, a contía total das subvencións por nacemento de fillos ou adopción ascende a 13.000 € e atópase consignada na aplicación orzamentaria 231-480, no vixente orzamento para 2019.

Excepcionalmente, conforme ao disposto no Art. 58.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, poderase establecer unha contía adicional de crédito, cuxa aplicación á concesión de subvencións non requirirá de nova convocatoria. A efectividade desta contía adicional queda

condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito correspondente e previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda nun momento anterior á resolución da concesión de subvención.

4.- Beneficiarios.

Serán beneficiarios desta subvención os proxenitores –xa sexan casados, parellas de feito ou familias monoparentais- ou adoptantes, polo nacemento ou adopción de fillo ou fillos sempre que:

a) Alomenos un dos proxenitores teña a súa residencia legal e habitual no Concello do Corgo un ano antes á data de nacemento ou da data da resolución da adopción.

b) O fillo nado ou adoptado estea empadronado en 2019 no padrón municipal do Concello do Corgo. Igual requisito esíxeselle ao proxenitor ou adoptante que non estivese empadroadado.

Se algún dos proxenitores por motivos de traballo tivese que residir habitualmente noutra concello e non puidese empadroarse no padrón municipal do Corgo, e o seu domicilio distase da sede da casa do concello máis de sesenta quilómetros, deberá acreditarlo, aportando o certificado de empadroamento no municipio de residencia e o contrato laboral ou informe da empresa ou Administración pública, da relación de servizo que mantén con estos. Malia isto, necesariamente os nenos nados ou adoptados e un dos proxenitores deberán estar empadroados no Corgo.

c) Adquiran o compromiso de continuar empadroados no Concello do Corgo como mínimo 1 ano desde a data da resolución da concesión da axuda.

d) A unidade de convivencia segundo o padrón municipal non perciba ingresos anuais superiores a 3,5 veces o SMI para 2019, referido a catorce pagas.

Entenderase por unidade de convivencia a todas as persoas que teñan a residencia habitual no mesmo domicilio en que se empadroe o nado ou o adoptado, excluíndose as persoas coa calificación de dependentes e discapacitados ou teñan reducida a súa capacidade de traballo nun grado equivalente ao da incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez.

No suposto de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será o pai ou a nai a quen lle corresponda a custodia dos fillos, conforme ao acordo establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados total ou parcialmente da patria potestade dos seus fillos ou cuxa tutela estivese asumida por unha institución pública.

e) Os beneficiarios deberán atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias con Facenda do Estado, Facenda da Xunta, Seguridade Social e Concello do Corgo. Ademais, os proxenitores deberán estar ao día en calquera obriga tanto formal como material establecida para a prestación dos servizos municipais.

Naquelas situación especiais que puideran plantearse e que non estiveran previstas nas presentes bases, serán resoltas polo alcalde ou concelleiro en quen delegue.

Os servizos municipais poderán requirir ao solicitante a documentación que sexa precisa para verificar a procedencia ou non da axuda.

5.- Contía da axuda.

A contía da axuda económica ascenderá a 800 € por cada neno nado ou adoptado, e farase efectiva nun pago único.

6.-Presentación de solicitudes e procedemento.

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto desde o día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ata o 30 de xuño de 2020, ambos os dous incluídos.

A solicitude, dirixida ao alcalde do concello, presentarase no rexistro do concello, na sede electrónica ([concello.docorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal)) ou por calquera dos medios establecidos no Art. 16.4 e 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante LPAC), conforme ao modelo oficial que figura no anexo I destas bases, achegando a documentación que se relaciona polo miúdo de seguido:

- Certificado de inscrición do nacemento, expedido polo Rexistro Civil correspondente ao nacemento.
- Fotocopia do libro de familia e DNI dos solicitantes da axuda, compulsados.
- Copia compulsada da resolución xudicial, no caso de adopcións.
- No seu caso, convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio.
- Declaración responsable dos proxenitores ou adoptantes, no que se indique que:

a) Cumpren os requisitos destas bases.

b) Declaración das subvencións, axudas ou ingresos pola mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou entes públicos.

c) Comprométense a continuar empadroados no Concello do Corgo como mínimo un ano desde a data da resolución da concesión da axuda.

-Certificado bancario dun número de conta a nome do beneficiario.

-No caso de que proceda, segundo o indicado no parágrafo 2º da letra b) do artigo 4º, o contrato laboral ou informe nel referidos e o certificado de empadramento no municipio de residencia.

-Fotocopia da derradeira declaración da renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade de convivencia definida anteriormente.

Os servizos administrativos poderán, se así o consideran oportuno, requirir nóminas, contratos de traballo, recibos de pensións ou calquera outra documentación que xustifique a situación económica.

-Certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios coa Facenda do Estado, da Xunta e coa Seguridade Social.

O concello comprobará, de oficio, no que corresponda ao cumprimento das obrigas formais e materiais cos servizos municipais.

O concello comprobará, de oficio, a inscrición no padrón municipal dos requisitos esixidos no artigo 4º referentes ao empadramento.

No caso de que proceda, resolución da declaración de dependencia e minusvalía (suposto, por exemplo, de que na unidade de convivencia haxa algunha persoa nesta situación aos efectos de que non compute os seus ingresos na unidade).

A presentación da solicitude supón a aceptación incondicional das bases e a subvención outorgarase por estricte orde de presentación ata que se esgote o crédito indicado, sen prexuízo que por modificación de créditos poida ampliarse para a mesma finalidade o consignado inicialmente.

O prazo máximo de duración para a resolución do procedemento será de 3 meses desde a entrada da solicitude no rexistro do concello. En caso de non ditarse resolución expresa entenderase denegada por silencio.

Rexistrada a solicitude, os servizos municipais comprobarán a documentación esixida. Se faltase algún documento ou este fora incorrecto, requiriráselle ao solicitante para que, nun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da notificación, aporte os que faltan ou emende os incorrectos, co apercibemento de que se así non o fixese, teráselle por desistido previa resolución ditada ao efecto, arquivando o expediente de conformidade co establecido no Art. 68 da LPAC.

7.- Instrución e resolución

A instrución do procedemento realizarase polos servizos municipais que designe o alcalde, na que constarán os pertinentes informes.

O procedemento resolverase por acordo ditado polo alcalde do concello. Este acordo notificarase aos solicitantes de conformidade co establecido no artigo 40 da LPAC.

A prestación económica poderá ser denegada polos seguintes motivos:

- a) Non cumprir os requisitos establecidos na ordenanza para a concesión da axuda, entre os que se atopan as obrigas formais e materiais esixidas para os servizos municipais.
- b) Presentar a solicitude fóra do prazo establecido na ordenanza.
- c) Estar esgotado o crédito orzamentario habilitado na partida para esta finalidade.

8.- Incumprimentos e reintegros.

De conformidade co establecido no Art 37 da Lei Xeral de Subvencións, iniciarase o procedemento de reintegro de subvencións xunto cos xuros de demora, nos seguintes supostos:

- Ausencia dos requisitos para obter a subvención.
- Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención.
- Falta de adecuación coa finalidade para a que a subvención foi concedida.

As cantidades a reintegrar teñen a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para a cobranza o previsto na Lei Xeral Orzamentaria.

9.- Compatibilidade das axudas.

As presentes axudas serán compatibles con calquera outra establecida polas Administracións Públicas ou calquera dos seus organismos, agás que na normativa reguladora destas se estableza o contrario.

10.- Deberes dos beneficiarios.

A presentación de solicitudes polos beneficiarios supón a aceptación incondicional das bases.

Os beneficiarios quedan obrigados a comunicar ao Concello calquera circunstancia que modifique os requisitos para obter a subvención. Os beneficiarios están obrigados a reintegrar a axuda concedida cando se incumpran os requisitos para a súa concesión establecidos nas presentes bases.

11.- Responsabilidades.

Calquera falsedade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda, ou no seu caso de ter percibida xa a mesma, á devolución cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puideran esixir.

12.- Réxime Xurídico.

A normativa que regula a concesión das axudas á natalidade, no que non estea previsto nestas bases, será a establecida na Lei 9/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común, na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, así como na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

13. Protección de datos de carácter persoal.

Os solicitantes da axuda e os demais interesados na obtención da axuda autorizan, mediante a súa participación, a tratar os datos persoais que se recollen para a finalidade prevista nestas bases. Así mesmo, os solicitantes e demais interesados, para participar neste procedemento, autorizan a tratar os datos dos menores de idade, de 14 anos, que será manifestada polo titular da patria potestade ou tutela.

En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándollos mediante escrito que deberá presentar no rexistro xeral do Concello.

PROCEDEMENTO AXUDA PARA O FOMENTO DA NATALIDADE NO CONCELLO DO CORGO	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
NOME DA VÍA/LUGAR		NÚM.	PARROQUIA	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fehaciente por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN				
Notifíquese a:	<input type="checkbox"/> Persoa solicitante <input type="checkbox"/> Persoa ou entidade representante			
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:				
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>			
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE				
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.				
<input type="checkbox"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica do Concello do Corgo, https://concellodocorgo.sedelectronica.gal/ . Só se poderá acceder á notificación con certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.				
<input type="checkbox"/> Postal (cubrir a dirección postal só se é distinta da indicada anteriormente)				
NOME DA VÍA/LUGAR	NÚM.	PARROQUIA	C.P.	PROVINCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica do Concello do Corgo, https://concellodocorgo.sedelectronica.gal/ , para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.				

DATOS DA PERSOA PROXENITORA QUE NON APAREZA COMO SOLICITANTE (no seu caso)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DO/S FILLO/S POLOS QUE SE SOLICITA A AXUDA				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DATA DE NACEMENTO	DATA DE ADOPCION

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que cumpre os requisitos destas bases.

2. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitei nin me concederon ningunha outra axuda para este mesmo concepto.

Sí solicitei e/ou me concederon outras axudas para este mesmo concepto que se relacionan a continuación:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se aportan son certos.

4. Que se compromete a continuar empadroados no Concello do Corgo como mínimo un ano desde a data da resolución da concesión da axuda.

Fun informado de que esta Entidade vai a tratar e gardar os datos aportados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas coa finalidade prevista nestas bases. Así mesmo, autorizo a tratar os datos dos menores de 14 anos cuia patria potestade ou tutela posúo.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Concello do Corgo
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario
Lexitimación para o tratamento	Consentimento das persoas interesadas. Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Persoas destinatarias dos datos	Cederanse datos, no seu caso, a outras AA.PP. e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica do Concello do Corgo ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

O Corgo, 24 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 0190

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural en sesión extraordinaria celebrada o día 22 de xaneiro de 2020, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de DECEMBRO de 2019 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** por importe de dous mil setecentos catorce euros con corenta e seis céntimos (2.714,46 €), dos que setecentos noventa e dous euros con sesenta céntimos (792,60 €) corresponden a libre concorrència e mil novecentos vinte e un euros con oitenta e seis céntimos (1.921,86 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Oural, 23 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 0191

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN N.º 2 MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

SENTENCIA

MONFORTE DE LEMOS, veintisiete de diciembre de dos mil diecinueve.

Vistos por mí, César Antonio Saco Figueiras, Juez del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción nº 2 de los de Monforte de Lemos y su partido, los autos del Juicio verbal nº 218/18 seguido a instancia de **D. PABLO VIGO LÓPEZ Y la entidad TOPOLASER S.L.L.** representados por el/la Procurador/a Sr. Castro Fernández y asistida de el/la Letrado/a Sr/a. Vigo López, contra **Dª. JOSEFINA PÉREZ RODRÍGUEZ**, en situación de rebeldía, vengo a resolver con base a los siguientes:

FALLO

ESTIMANDO la demanda interpuesta por el/la Procurador/a Sr/a. Castro Fernández en representación de **D. PABLO VIGO LÓPEZ Y TOPOLASER S.L.L.**, contra **Dª. JOSEFINA PÉREZ RODRÍGUEZ** debo condenar y condeno a ésta última a abonar a D. Pablo Vigo López el importe de 2.156,22 euros, con los intereses legales desde 13/7/16, y a TOPOLASER SLL el importe de 1.070,21 euros con los intereses legales desde 13/7/16, así como al pago de las costas.

Notifíquese la presente resolución a las partes, haciéndolas saber que la misma es firme y contra ésta cabe interponer recurso de apelación, de conformidad con lo establecido en la LEC.

Así lo pronuncia, manda y firma. Doy fe.

PUBLICACION: Dada, leída y publicada fue la anterior Sentencia por la Sra. Juez que la dictó estando celebrando audiencia pública en el día de su fecha. Doy fe.

R. 0193

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D. SINESIO NOVO FERNANDEZ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 61/2019 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D^a ESTRELLA MASEDA CRESPO contra MARÍA ROSA COUSO LÓPEZ sobre ORDINARIO, se ha dictado decreto de fecha 22/01/2020 cuya parte dispositiva dice literalmente:

“Acuerdo:

a) Declarar a la ejecutada **MARIA ROSA COUSO LOPEZ** en situación de **INSOLVENCIA**, por importe de **3.715 euros**, que se entenderá a todos los efectos como provisional.

b) **Archivar** las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, y sin perjuicio de continuar la ejecución si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes del ejecutado.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2323 en el BANCO SANTANDER, LUGO debiendo indicar en el campo concepto, "recurso" seguida del código "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA”

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a MARÍA ROSA COUSO LÓPEZ, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, veintidós de enero de dos mil veinte.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0194